



Edición ACTUALIZADA

Portada
Galicia
España
Mundo
Sociedad
Cultura
Ciencia y Tecnología
Deportes
Economía

IMAGENES

A Coruña
Deporte local
Actualidad
Sociedad
Deportes
Infografías

Edición IMPRESA

Portada
Titulares del día
Imágenes del día
A Coruña / Metro
Galicia
Opinión
España
Mundo
Sociedad
Sucesos
Economía
Mar
Deportes
Cultura
Humor
Contraportada

SUPLEMENTOS

ESPECIALES

SERVICIOS

Agenda de servicios
A. Clasificados
Atención al lector
Cartas al director
Cartelera
Documentos
Encuestas
Enlaces
El tiempo
Foros
Hemeroteca
Loterías y quiniela
Televisión
Promociones
y suscripciones



Opinión

■ SEGUNDA FEIRA

Xosé María Álvarez Blázquez

X. L. Méndez Ferrín

Non constituirá unha creba da reserva académica o divulgar que X.M- Álvarez Blázquez foi elixido por unanimidade a persoa á que lle vai Galicia consagrar o Día das Letras. Se cadra nesta coincidencia influíse o feito de que, entre todos os méritos sobrados de vez para esta memoranza, a figura de Xosé María apresetou en vida un que o facía especialmente simpático de portas adentro da corporación: era o modelo perfecto do académico da Galega, ou sexa un académico exemplar. Unía a erudición coa verdadeira sabedoría; a facultade lírica coas dotes que lle permitían unha prosa musical, harmoniosa e transparente; a perspicacia na crítica literaria co rigor na investigación histórica e prehistórica; unha actividade editorial que abriu fronteiras no plano da planificación innovadora cunha visión do marketing do libro galego que levou este a ser lido por moitas máis persoas de que nunca fora na súa historia; unha oratoria didáctica, precisa e sinxela cunha conversa informal que raras veces deixaba de constituír lección maxistral. O texto da proposta de Xosé María A. B. para o Día das Letras Galegas (espero non ofender tampouco agora o Sixilo académico) foi asinado por Luz Pozo Garza, Víctor Fernández Freixanes e Darío Xohán Cabana lanes. O seu texto dá conta cabal da magnitude do vulto intelectual de X. M. Álvarez Blázquez e faime pensar en que aqueles que este ano van investigar e divulgar a obra do autor celebrado teñen un enorme traballo por diante. Porque el foi certamente un polígrafo, aínda que así mesmo persoa cordial, aberta e desprendida que andou pola vida a distribuír favores intelectuais e de todo tipo. Por cima, Xosé M. Álvarez Blázquez foi un galeguista do xénero dos que Castelao consideraba "inatacables aos ácidos e infusibles ao soplete"...

Penso eu que a dedicación de X.M. Álvarez Blázquez á historia da cidade de Vigo e da Terra de Turonio vai dar lugar a unha nova atención proxectada sobre o noso autor desde o punto de vista dos estudos locais. Isto será sen dúbida mostra da vitalidade que estes están a demostrar en todo o País que media entre o Miño e a Ría do Sul de Galicia, cuxa capital é Vigo. Do mesmo xeito que unha liña de investigación dirixida á familia literaria e artística dos Álvarez, fundada na segunda metade do século XIX por Emilio Álvarez Giménez, avó de Xosé María, poderá deitar luz sobre a historia cultural e literaria contemporánea. De min sei decerlles que fun iniciado á idade de quince anos na lectura dos poetas trobadores galegos da Idade Media pola lectura e estudo da Escolma de Poesía Galega I de Xosé M. Álvarez Blázquez, editada en Vigo por Galaxia e con prólogo de M. Rodrigues Lapa. Sempre lle estiven moi agradecido.

Servicios

- Enviar esta página
- Imprimir esta página
- Atención al lector

[Anterior](#)[Volver](#)[Siguiete](#)

Buscador



Encuesta

» ¿Cree que t

- Si
- No
- NS

Servicio

ANU

Vigo Bodas Gay

Palacete para celebración privada. Cap Max 60 pax

Alquiler Veleros Galicia

Alquiler de Veleros con/sin Patrón Ven a navegar a las Rías Bajas